


A GALLEGA

98-99

Revista escolar. Nº 1 Xuño 1999



I.E.S. Nº 1 de REDONDELA


“Illa de San Simón”

Avda. Mendiño nº 28 – tlf. / fax 986401277

A GAMELA

SUMARIO

Temas	Pax
- Sumario – Editorial	2
- Pablo, un redondelán campión do mundo	3 – 4
- Antes morrer que engordar	5
- O novo IES	6 – 7 – 8
- Breve historia do Colexio Público de Redondela	9
- A Illa de San Simón	10
- Podio atlético 1998 – 1999	11 – 12
- Manual de supervivencia	13 – 14
- Atrapados	15
- ¡ CHACHI !	16
- Viñeches en primavera	17
- Cantando á lúa	18
- Cometempos	19,20,21,22,23
- No cravo e na ferradura	24



EDITORIAL

Amigo lector:

Temo-lo gusto de presentarche a primeira edición da nosa revista escolar froito do esforzo ilusionado dos nosos xoves escritores e coa colaboración xenerosa de todo o profesorado e persoal non docente.

“ A Gamela “ é resultado da nosa experiencia como centro novo, independente que con nome propio “Illa de San Simón” e que pretende afronta-lo próximo milenio coa ilusión do que comenza e quere facer cousas ben.

É asimesmo a última revista que se imprimiu neste vello e deteriorado centro que axiña deixará de existir para perdurar somentes na lembranza daqueles que noutrora pasaron por el.

O vindeiro ano levaremos a cabo a nosa actividade educativa nas condicións que realmente merecen os nosos rapaces e rapazas. Quizais só entón poidamos dicir que comeza a “historia” do I.E.S. “Illa de San Simón”, e esperamos que “A Gamela” chegue ás túas mans, amigo lector, ano tras ano, recollendo o testemuño desa historia.

Pablo, un redondelán campión do mundo

Ficha técnica

Nome: Pablo González Couñago

Nome deportivo: Pablo

Lugar e data de nacemento: Redondela (9-VII-79)

Equipos nos que xogou: Casa Paco (dos 6 ós 14 anos); Celta de Vigo (14 ós 18); Numancia (Ligag 98/99)

Posición no campo: dianteiro destro con facilidade rematadora.

Trofeos conseguidos: campión do mundo coa Selección Española Sub 10 en Nixeria, Bota de Ouro (máximo goleador) e Bota de Bronce (terceiro mellor xogador) dese mesmo campionato.



Esta entrevista realizouse telefonicamente a requerimento e coas preguntas dos alumnos de 1º de ESO que, como tódolos redondeláns, vibraron coa actuación deste seu conveciño no pasado mundial sub 20 de Nixeria, e ó que todos vaticinan un futuro de gloria na elite do fútbol.

¿Recordalo que sentiches cando che entregaron o Balón de Ouro e a Bota de Bronce?

Foi maravilloso, como vivir un soño no que despois de gañalo campionato se me recoñecía a calidade como xogador e conquistaba o “Pichichi” do mundial.

O éxito no mundial deparouche dunha gran popularidade, ¿cómo o levas?

Paréceme agradable que me recoñezan pola rúa, non me molesta, pero tampouco lle dou demasiada importancia.

¿Valóranse máis no Numancia despois de ser campión do mundo?

É normal que se fixen máis en min, tanto os directivos, coma os compañeiros e a mesma afección. Penso que un pouco máis si que me valoran.

¿Qué opinas de que os futbolistas xóvenes deste país demostren estar entre os mellores do mundo e que, sen embargo, se fiche a tanto xogador estranxeiro?

É difícil de entender, e para nós, os canteiráns, representa un verdadeiro problema, pero certo é que os directivos case sempre optan por fichar a estranxeiros e a xogadores veteranos.

¿En que equipo che gustaría xogar?

Agora no Celta, o equipo da miña cidade, e quizais, a máis longo prazo, nun dos grandes: Madrid ou Barça.

¿Animaríate un bo contrato a cambia-lo Celta por outro equipo?

Salvo que a diferenza económica fose importante, eu sempre querría xogar no Celta.

Pasando a outro asunto, algúns opinan que debido ás túas condicións físicas, ó mellor poderías render máis noutro posto. ¿Qué dis o respecto?

Levo toda a vida de dianteiro e sintome cómodo aí, anque nos adestramentos probe noutras posicións para ver como se xoga. Na Selección Galega xoguei de media punta e co Numancia, nun partido de Copa do Rei, tamén; pero repito que me sinto cómodo de dianteiro.

Por certo, ¿tes algún ídolo no fútbol?

Si, o búlgaro Stoickof, ex xogador do Barça.

¿Practicas, ademais do fútbol, algún outro deporte?

Cando estás suxeito á disciplina dun clube profesional non cho permiten. Está claro que me gustan outros deportes, pero non os practico.

¿E o tempo libre? ¿En que o empregas?

En estar cos amigos, que aquí en Numancia son os compañeiros do equipo. Tamén paso moito tempo na casa, e anque trato de pasalo o mellor que podo, a verdade é que me aburro bastante.

¿Sentes nostalxia da terra?

¡Home! Por moi ben que esteas nun sitio, a terra tira.

Dálle un consello ós rapaces máis novos que están ilusionados con ser futbolistas.

Que sexan humildes e que intenten mellorar constantemente esforzándose por conseguilo.

E xa para rematar. ¿es consciente de que tódolos redondeláns estamos ilusionados cos teus próximos triunfos, e se son no Celta mellor?

Cando cheguei do mundial sorprendeume o recibimento que me fixeron. Non se trataba de catro amigos, senón dun pobo enteiro que me desexaba o mellor nesta miña profesión. Foi emocionante

ANTES MORRER QUE ENGORDAR



A felicidade pola delgadez é o obxectivo de milleiros de xóvenes e nenas e nenos que en España colman listas de espera nos hospitais que tratan os trastornos, chamados alimentarios, anorexia e bulimia.

A anorexia comeza cunha preocupación excesiva polos kilos que pronto se converte en obsesión. Os afectados comen cada vez menos, séntense progresivamente máis febles. Perden peso, adelgazan día a día pero seguen a verse gordos/as, moléstalles que os demais lembren o flacos/as que están e empezan a aillarse. Concéntranse compulsivamente nunha única actividade (estudios, deporte...), anque nas súas mentes sempre está presente a comida, a fobia e o noxo que lle producen algúns alimentos, as calorías de todo o que toman: froita, auga e pouco máis.

A báscula segue a baixar, a regra desaparece, dormen mal, os ósos vólvense fráxiles e un día, despois dunha punzante dor no estómago, desmaíanse e cando abren os ollos están na cama dun hospital cun goteo de soro nas veas. O médico diagnostica anorexia nerviosa.

Esta doenza causa danos físicos e psíquicos e precisa un tratamento que pode durar como mínimo catro anos e custar ó mes 200.000 ptas. así como o total apoio da familia para poder saír adiante.

O 43% das rapazas de quince anos vense gordas. Tres de cada catro adolescentes ou xóvenes, segundo os datos que manexan os médicos, sométense actualmente a algún tipo de dieta, moitas veces inventadas por eles mesmos ou publicada por algunha revista. De eles, entre o 0,5 e o 1% converteranse en enfermos de anorexia ou bulimia e o crecemento anual desta tendencia é do 20%. O máximo risco recae sobre a idade adolescente e o sexo feminino, pero o patrón da enfermidade cada día ten máis variantes e está máis diversificado.

Este mal non sempre ten cura. Alomenos un de cada dez anoréxicos termina perdendo a vida. Nun 20 por cento dos casos a anorexia se convértese nunha doenza crónica.

A enfermidade, como eles mesmos describen, está nos seus pensamentos e os estímulos están en todas partes, desde os probadores desas tendas de moda de tallas minúsculas ó patrón estético dos medios de comunicación, pasando pola preocupación dos pais por ese fillo con tendencia a engordar e tan pouco deportista.

O certo é que hoxe en día a ninguén sorprende que as máis xóvenes teñan como canon de beleza a modelos subalimentadas. Non sorprende porque os árbitros da publicidade decidiron poñer de moda a figura anoréxica, e inundan as páxinas das revistas e as paradas de autobús con xóvenes de aspecto enfermizo.

Cando algunha marca fai unha publicidade para presentar os seus bikinis empregando a modelos de 1,83 m de estatura e 56 kg de peso, non saben realmente ata onde están condicionando a moitas adolescentes dispostas a face-lo que sexa por gustar e gustarse a elas mesmas. O mesmo sucede con moitos dos anuncios de Calvin Klein, o primeiro deseñador que empezou a empregar-lo canon da delgadez extrema.

Alomenos algunha casa empezou xa a reaccionar. As asociacións adicadas a loitar contra a expansión da anorexia e bulimia pediron a outras marcas que se unan ante o que consideran unha auténtica apoloxía da anorexia.

O certo é que moitos deseñadores parecen amosar un total desprezo cara estas protestas e reproducen de forma teimosa un concepto estético de figuras escuálidas, ó que case moitas mulleres non poden responder de forma racional.

E xa para rematar, convén reparar no paradoxo que representa o feito de que mentres nos países pobres e pouco desenvolvidos a fame constitúe o principal problema de amplas capas de poboación, no primeiro mundo, onde sobra comida, moitos enferman e mesmo morren por non querer comer.

Mirian Lourido Gómez – Sulaima Silva Montes
Tatiana Lago Montes – Tania Soutullo Lago

O novo IES

Tan só o feito de que o ximnasio deba construírse en terreos aínda ocupados polo actual Instituto impide que non se puxera xa o ramo ás obras do novo IES Illa de San Simón e explica as dúas fases de execución das obras.

Durante a primeira fase iniciada a primeiros de setembro do actual curso académico, derrubouse parte do antigo Colexio de Primaria e levantouse o corpo principal do novo IES, ó que se pode acceder ben pola entrada principal, na Avda. Mendiño, ben a través dun corredor cuberto que bordea a fachada posterior do edificio.

O novo IES constará de dúas plantas. Na planta baixa temos a entrada, o vestíbulo, a escaleira, a cafetería, conserxería e secretaría.


Do vestíbulo parten dous grandes corredores ben diferenciados. Un deles comunica coa zona de despachos (dirección, xefatura de estudos, APA) e de departamentos (Lingua, ciencias, ...) e aseos de profesores e persoal non do centro.

O outro corredor dá acceso a dúas aulas onde se impartirán clases, á biblioteca, ó laboratorio de ciencias, ó xigantesco taller de tecnoloxía (103 m²) e ós aseos de alumnos e alumnas, sendo un deles para minusválidos, para os que tamén se construíu un ascensor. Nesta planta baixa tamén está a sala de caldeiras para a produción de auga quente e calefacción, os contadores de auga e electricidade, habitacións do lixo, limpeza e un almacén.

Subindo a escaleira chegamos ó primeiro andar, adicada na súa totalidade a sete aulas, aseos e unha sala para a reunión da xunta de delegados.

No seguinte andar atópanse sete aulas, entre as que están a de música, a de plástica, a de informática e a de reforzo, sendo as demais aulas asignadas para clases normais; e como non, os aseos.

A segunda fase iniciárase, unha vez rematado o curso, coa demolición dos restos do antigo edificio colexial e actual IES e no seu lugar ubicarase o novo ximnasio.



CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

A cimentación realizouse a base de pilotes de formigón armado cravados entre 12 e 14 m de profundidade. Estes pilotes rematan sobre uns encepados tamén de formigón armado, desde os cales arrancan os pilares do edificio. Este tipo de cimentación realizouse así debido a que o terreo era predominantemente lamacente, ata esa profundidade.

A estrutura realizouse a base de forxados constituídos por viguetas de formigón armado e bovedillas de formigón, de canto 30 cm., para unha sobrecarga de uso de 300 kg/m^2 e unha carga total de 821 kg/m^2 .

Os cerramentos do edificio están realizados a base de ladrillo oco dobre colocado a media asta, cámara de aire, e tabicón de ladrillo oco dobre. No interior da cámara de aire leva unha capa de poliuretano proxectado de 3 cm. de espesor para aislar térmica e acústicamente o muro de ferramento.

As divisións interiores son de ladrillo oco dobre a media asta.

Os revestimentos interiores son de morteiro bastardo de cemento, cal e area en divisións entre aulas e no resto de perliescaiola. Instaláronse falsos teitos de escaiola fixos e desmontables en aulas.

Os pavimentos son de terrazo continuo color marfil en todo o edificio salvo nos aseos que son de plaqueta de gres.

Os alicatados son de azulexo 20x20, de color azul colocado ata unha altura de 1'20 m. nos corredores, e ata o teito nos aseos.

A carpintería interior é de aglomerado de madeira con bastidores de piñeiro e folla chapada en plástico de cor gris. A madeira pintárase de azul.

A carpintería exterior é de aluminio lacado en cor azul, acristalado con sistema climalit 6/4/6 (dobre acristalamento).

A instalación de fontanería é a base de tubería de polietileno reticulado, para auga fría e quente, e tubería de P.V.C en baixantes e desagües.

A calefacción é por gasóleo, e está realizada en tubería de cobre. Os radiadores son de chapa.

A instalación eléctrica está realizada con fío de cobre baixo tubo plástico empotrado. As conducións son independentes para forza e iluminación. Leva un xenerador auxiliar en caso de avería. Axustárase á normativa contra incendios, levando por tanto extintores, dúas bocas de incendios por planta e un alxibe de 1200 l. de capacidade.

A pintura é plástica, de cor branca en interiores de paredes e teitos. A fachada está rematada a base de revestimiento monocapa tipo Cotegrán de 3 cm. de epesor, de cor azul claro.

A cuberta é de chapa prelacada con illamento interior de poliuretano.

O soportal exterior está cuberto con cerchas metálicas pintadas en cor azul con cuberta da mesma cor ca do tellado.

O custo da obra ascende a 240 millóns de pesetas.

SUPERFICIES ÚTILES

Planta baixa:

Vestíbulo e corredores	262 m ²
Cafetería	40 m ²
Conserxería	11 m ²
Secretaría	45 m ²
Despacho do director	21 m ²
Sala de profesores	48 m ²
Administrador	15 m ²
Despacho do xefe de estudos	15 m ²
Despacho das APAS	15 m ²
Aseos persoais	14 m ²
Limpeza	5 m ²
Lixo	5 m ²
Contadores de auga	5 m ²
Almacén	25 m ²
Sala de caldeiras	21 m ²
Aseos de profesores	10 m ²
Dez despachos e seminarios	105 m ²
Aseos de alumnos e minusválidos	38 m ²
Contadores de electricidade	2 m ²
Biblioteca	81 m ²
2 Aulas polivalentes	102 m ²
Aula taller	103 m ²
Laboratorio	70 m ²

TOTAL: 1064 m²

Primeira planta:

Corredores	96 m ²
Aula de alumnos	15 m ²
Aseos de alumnos e minusválidos	37 m ²
Limpeza	2'5 m ²
7 Aulas polivalentes	360 m ²

TOTAL: 510'5 m²

Segunda planta:

Circulacións	95 m ²
Aseos alumnos	34 m ²
Maquinaria do ascensor	4 m ²
Limpeza	2'5 m ²
Aula de informática	69 m ²
Aula de plástica	69 m ²
Aula de música	69 m ²
Aula de orientación	15 m ²
3 Aulas polivalentes	153 m ²

TOTAL: 510'5 m²

SUPERFICIES CONSTRUÍDAS

Planta baixa	1179 m ²
Primeira planta	590 m ²
Segunda planta	590 m ²
Soportal	425 m ²

TOTAL: 2784 m²

Pablo Docampo e C. Brais Crespo

Breve historia do Colexio Público de Redondela

O Colexio de EXB de Redondela –hoxe desdoblado en Colexio Público de Ensinanza Primaria e IES “Illa de San Simón” comeza a andar no ano 1968 como Agrupación Escolar Mixta “Encinas Diéguez” no edificio, aínda en uso, da Avda. de Stª Mariña. Neste edificio agrupáronse as unidades pertencentes ás “Escuelas Graduadas de Niños y Niñas” que funcionaban no grupo de Escuelas Figueroa, hoxe Auditorio e Centro da Terceira Idade.

Entre 1969 e 1972 procédese á construción do corpo principal do colexio de EXB, (era a época das Concentracións Escolares) do que unha parte funciona actualmente, de maneira provisoria, como Instituto de ESO. Este colexio contaba, nun principio, con trinta unidades de EXB e dúas de párvulos o que o convertía no segundo da provincia despois do de Picacho de Vigo.

No novo colexio agrupáronse, ademais do “Encinas Diéguez” de Redondela, as seguintes escolas unitarias e mixtas do Concello: Mixta de Saxamonde, Niñas y Niños de Negros, Mixta de Rande, Niñas y Niños de Cedeira, Mixta de Quintela, Niños de Cesantes, (cerca da igrexa), Niñas de Cesantes, (xunto ó paso a nivel); as dúas do Patronato José Regojo, a de Vilavella (no funil) e a de Cesantes (no peirán).

Co novo colexio inaugúrase o servizo de Transporte Escolar ó que se destinan sete autobuses dos que algúns debían realizar dobre itinerario, concretamente ata O Muro (pola estrada do Porriño e pola do aeroporto).

A matrícula confórmana alumnos procedentes de puntos tan distantes como Os Valos, O Alto da Encarnación, ou o acceso á Igrexa de Cabeiro. Como as clases se impartían en dobre sesión de mañá e tarde había rapaces que a penas dispuñan de media hora para xantar por se-los últimos en saír do colexio e os primeiros en regresar pola tarde (entre os perxudicados había rapaces de seis anos).

O incremento de alumnos matriculados, moi superior á previsión dos técnicos supuxo, xa desde un principio, a compartimentación e a reconversión de dependencias de uso específico (aulas de gran grupo, biblioteca, comedor) en aulas convencionais, co que o colexio chegou a contar, en 1984, con preto de 1.300 alumnos repartidos en 40 aulas e atendidos por unha plantilla de 50 profesores.



Con posterioridade, e coa construción no concello de novos colexios e a remodelación e ampliación doutros xa existentes iníciase a caída de matrícula, proceso ó que se suma o descenso do índice de natalidade; como resultado, no curso 1997/1998 –último do colexio como tal- a matrícula non chegou ós 700 alumnos dos que case 200 pertencía ó primeiro ciclo da ESO.

No curso 73/74 ocorreu un suceso que puido ser tráxico pero que non pasou de susto, e foi a rotura do teito de corredor de saída ó patio de recreo. Para levar a cabo as obras de restauración os alumnos trasladáronse ó Instituto vello de Redondela, ó Colexio de Cesantes, ó Concello e incluso a algunha vivenda do profesorado, e aproveitouse a circunstancia para pintar de novo as aulas e instala-la calefacción de gasóleo.

Os últimos anos do Colexio están marcados polo deterioro das instalacións e as mobilizacións da Comunidade Educativa en demanda dun novo colexio, demanda que, como se sabe, se satisface por partida dobre coa construción do Colexio de Primaria e do IES “Illa de San Simón”.

Autoras:

Iris Casales Portela - Úrsula Romero González

Teresa González González - Adriana Lago Pena

Noelia González Cabaleiro - Ylenia Iglesias Portela

“A ILLA DE SAN SIMÓN”

MÁIS NOSA

Desde sempre fuches nosa,
coma o aire e o sol.
Dormes tranquila
no fondo da ría
cal berce acurrunchado
polo sol e polo amor.
Levámoste na solapa
e no corazón.



A finais do século XII, Vilavella de Redondela pertencía a orde militar dos cabaleiros templarios, que por estas datas habitaban a illa, onde construíron unha igrexa: San Simón Apóstol, nome pola que se coñece ata os nosos días.

Estos nomeados cabaleiros foron donos destas propiedades ata a súa extinción no ano 1.313.

Finalmente, o seu poder e riqueza medraron tanto que o rei francés Felipe IX “O Fermoso”, tendo necesidade de cartos e considerando que esta orde era un atranco para os seus plans políticos, decidiu arresta-los templarios a principios do século XIV.

O Papa, Clemente V, marioneta nas mans do rei, deu o seu consentimento e suprimiu a orde na Semana Santa do ano 1.312, cedendo as súas posesións ós cabaleiros hospitalarios.

Os monxes beneditinos de San Xoan de Poio, fuxindo da epidemia, instálanse na illa de San Antonio, de onde toma o seu nome, no ano 1.596, e construíron ermidas e vivendas nas que permaneceron ata pasada a peste do ano 1.601.

Desde este ano deica 1.756, estiveron na illa de San Simón os franciscanos.

A súa situación, entre outras cousas, fixo que San Simón se convertese en prisión desde outubro de 1.536 ata o 15 de marzo de 1.943. Durante a guerra civil (1.936-39), pasaron pola illa máis de 4.000 prisioneiros de guerra, soldados e cidadáns vencidos.

Por Orde Ministerial de 27 de Maio de 1955, establécese na illa de San Simón o “Hogar Méndez Núñez”, que tiña por obxecto a formación básica de orfos de mariñeiros, dependendo este patronato do Auxilio Social, Dirección Xeral de Beneficiencia e Obras Sociais.

Como xa dixemos anteriormente, desde o mes de outubro de 1746, en que a comunidade franciscana se traslada á illa, esta permanece abandonada e deshabitada, ata que, por Real Orde de 6 de Xuño de 1.838, concédese permiso para a construción dun lazareto marítimo.

As obras imprescindibles remataron no mes de maio de 1.842 e por Real Orde do 1 de Xuño domesmo ano, aprobouse a apertura do Lazareto de San Simón e comezou a prestar os seus servizos de corentena ata o 15 de agosto do devandito ano.

O plan do antigo lazareto era moi acertado, pois reunía unhas condicións xeográficas admirables. Máis tarde, en estreita cooperación entre os concellos de Redondela e Vigo, pretendeuse ubicar na illa un parador de turismo, sen ter en conta que o Monte Real-Baiona, sería adquirido polo Ministerio de Información e Turismo para esta finalidade.

Isto xa o propuxera con anterioridade o vigués D. Xerardo Campos.

Finalmente o 23 de decembro de 1.965, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, ordenado instruí-las dilixencias oportunas para inscribir ó seu nome a illa de San Simón, no Rexistro da Propiedade de Vigo.

Autores:

Orestes Otero Pérez

Rubén Pérez Pérez

Bela Mougán González

Juan Prieto Freaza

Tamara Míguez Barciela

PODIO ATLÉTICO 1998 - 1999

Lanzamento de Peso								
1º de E.S.O.			2º de E.S.O.			CADETE		
Masculino								
1º	Miguel Cabaleiro	7'28 m	1º	Manuel González	10'10 m	1º	Jonathan R. Carrera	13'55 m
2º	Iván Páez	7'15 m	2º	Oscar Marqués	9'75 m	2º	Oscar Migueles	10'08 m
3º	Diego Cabaleiro	7'00 m	3º	Pablo Docampo	8'69 m	3º	David Valdivia	9'70 m
Feminino								
1º	Silvia Fernández	6'95 m	1º	Susana Moya	8'26 m	1º	Viviana Quintero	7'55 m
2º	Ariana Castro	6'92 m	2º	Andrea R. Lalin	7'03 m	2º	Isabel Montero	6'96 m
3º	Sonia Alvarez	6'90 m	3º	Cristina Blanco	6'78 m	3º	Julia Alvarez	6'90 m
Jonathan R. Carrera, superou ó récord absoluto do colexio que tiña Alberto Fontán dende 1993 (11'5 m)								



Salto de altura								
1º de E.S.O.			2º de E.S.O.			CADETE		
Masculino								
1º	Diego Cabaleiro	1'35 m	1º	Oscar Marqués	1'45 m	1º	Jonathan R. Carrera	1'60 m
2º	Damián Troncoso David Alonso	1'30 m	2º	Roi Martínez	1'40 m	2º	David Valdivia	1'55 m
3º	Raúl Otero Lucas González Alberto Casales Roi Villar	1'20 m	3º	Juan José Blanco Iago Rivas Damián R. Castelo Pablo Docampo Mario conde	1'35 m	3º	Oscar Migueles Javier Villadangos Albert Pérez	1'45 m
Feminino								
1º	Silvia Fernández Bibiana Bastos	1'30 m	1º	Viviana Freire Susana Moya Lourdes Crego	1'25 m	1º	Verónica Dopazo Isabel Montero	1'20 m
2º	Estela Miñán	1'25 m	2º	Andrea R. Lalin Adriana Martínez	1'20 m	2º		
3º	Noelia Pazó Ana González María Cao Iria R. Fernández	1'20 m	3º			3º		

Test Cooper 9 minutos								
1º de E.S.O.			2º de E.S.O.			CADETE		
Masculino								
1º	Raúl Otero	2.440 m	1º	Oscar Blanco	2.260 m	1º	Albert Pérez	2.420 m
2º	Alberto Casales	2.400m	2º	Roi Martínez	2.250 m	2º	Germán Alvarez	2.360 m
3º	Victor López	2.220 m	3º	Marcos Lago	2.240 m	3º	Ismael Lago	2.340 m
Feminino								
1º	Lucía Barciela	1.870 m	1º	María Dopazo	1.940 m	1º		
2º	Lara Esteiro	1.860 m	2º	Flora Sánchez	1.925 m	2º		
3º	Bibiana Bastos Sonia Alvarez	1.800 m	3º	Laura Barreiro Adriana Martínez	1.820 m	3º		

Salto de aparatos	
Masculino	
Conseguiron o 10:	
José M. Otero Cruz	
José M. Rodríguez Fernández	
Óscar Migueles Figueroa	
Óscar Marqués Rodríguez	
Feminino	
Mejores saltadoras:	
Ana González Couñago	9'5
Lara Esteiro Alvarez	9'0
Lorena Costas Carreira	9'0
<i>Parece ser que para saltar ben os aparellos ximnásticos hai que chamarse "José Manuel" ou "Óscar"</i>	



Mejora más espectacular					
Diego Cabaleiro					
2ª avaliación	PESO	ALTURA	SALTOS	COOPER	
Marca	6'62 m	1'25 m		1.810 m	
Nota	8	9	6'5	5'5	Total: 29 ptos
3ª avaliación	PESO	ALTURA	SALTOS	COOPER	
Marca	7'00 m	1'35 m		1.880 m	
Nota	9'5	10	9	6'5	Total: 35 ptos

MANUAL DE SUPERVIVENCIA

Unha proba a superar se realmente queres comproba-la túa vocación de mestre é a de enrolarte nunha excursión con alumnos e alumnas de 1º da ESO e conseguir volver.

Seguramente estás pensando que son unhas vacacións gratis, cuns estupendos e fantásticos rapaces e rapazas, nunha estación de montaña, con actividades programadas, é dicir, un pequeno descanso durante o curso nun pequeno paraíso.

Pero non pases por alto o seguinte:

- Nas tres horas de autobús que nos separan de Manzaneda deberás estar disposto a descubrir “novas músicas” ou iso é o que eles din. Se superas este primeiro contacto terás empezado con bo pé.
- Xa chegados ó lugar , e logo de que che preguntaran unha 500 veces canto falta (e ti teñas contestado en tódalas ocasións cunha actitude dialogante, comprensiva, e atenta), deberás enfrentarte a un novo reto. Trátase de conseguir que se instalen nas habitacións con orde, repetindo as explicacións varias veces (explicacións tan básicas como a de abri-las portas para entrar nas habitacións, ou que todos á vez non caben pola porta, pois non son tan fáciles estas sofisticadas maniobras)
- Debes aproveita-lo tempo e recuperararte o antes posible, pois moi pronto deberás enfrentarte a unha nova experiencia: comer con eles. Tes que lograr que entendan que é necesario entrar no autoservicio de un en un, collendo bandexa, prato, cubertos,... e comida (¡non será doado!). E logo se te atreves séntate con eles e disfruta cos seus comentarios.
- Despois da cea irán todos para a discoteca e loxicamente ti con eles. Nun lugar pechado onde con rapaces doutros colexio gritan, saltan, corren e bailan, cunha música ben alta. Pero aquí

terás que solucionar algún dos problemas máis difíciles da túa vida, pois unha das alumnas pódese achegar toda entristecida a preguntarche por qué ningún rapaz lle pide para bailar : ¿que farás?

- Unha hora máis tarde e aparentemente máis cansados dirixímonos todos ós bungalowts (suponse que para durmir). Pero aquí iniciárase a auténtica aventura. Debes estar disposto a que non queiran durmir, a que queiran saír a correr con rapaces doutros colexios cando a temperatura no exterior é de 3 graos, a que queiran cambiar de habitacións, a que teñan fame, a que teñan medo,... e ante todas estas dificultades ti, mestre vocacional, sereno, alegre, e con toda a calma e dozura, irás solucionando todos e cada un dos inconvenientes. E ó día seguinte xa totalmente recuperado coas dúas horas que lograches durmir acompañaralos en tódalas actividades e disfrutarás moitísimo.
- Neste novo día, logo dunhas novas e básicas explicacións para levantarse, ir ó autoservicio e almorzar (todo nun tempo record de dúas horas), dirixímonos ós talleres. O primeiro será unha aula sobre a natureza, e tras hora e media de explicacións deberás estar orgulloso de que a única pregunta que plantexen sexa: “¿Bambi era macho ou femia?”. E así rematará o taller quedando o monitor con cara de asombro pola pregunta, ti orgulloso pola súa capacidade intelectual e eles descontentos porque o monitor non sabía tanto.
- Chegados aquí aínda quedarán cinco talleres máis, dúas comidas, unha cea, un almorzo, unha longa noite e a viaxe de volta. ¡ Ánimo!

¡ E a pesar de todo isto hai quen prefire os deportes de risco ¡



Valentina e Modesto

¡¡ ATRAPADOS !!

Non hai moitos días, ocorreume algo que para min será difícil de esquecer.

Soaba o timbre para voltar a casa, pero non soaba coma sempre, desafinaba. Non lle din moita importancia, ata que ó chegar ó patio observei que os alumnos tamén estaban diferentes do normal; camiñaban moi despacio, como tartarugas, en cambio eu podía camiñar a un ritmo acelerado.

Cando cheguei a casa saudei como o fago sempre:

-Mamá, papá ¿onde estades?

- Na co-ci-ña, fi-llo.
- ¿pásavos algo ou estades de broma?

Non contestaron e iso preocupoume. Moi confuso subín ó meu cuarto, e cando me dispoñía a tumbarme na cama observei, pola ventá, que todo e todos estaban quedos.


Fun á cociña e tentei reanimar a meus pais: deilles bofetóns, berreilles,... pero coma se nada. Foi entón cando me dei conta do problema: ¡**TODOS ESTABAN ATRAPADOS NO TEMPO E EU ERA O ÚNICO QUE PODÍA SALVALOS!**

Tiña que buscar unha solución e rápido, pero primeiro fun ó McDonal's a repoñer forzas. Cando me dispoñía a saír, vin a Begoña, a miña mellor amiga (só amiga) Entre os dous argallamos un plan para salva-lo mundo. Mentres Begoña non paraba de falar sobre o que lle ocorrera nese día, veume á cabeza a mellor idea do mundo:¡Construir unha máquina do tempo! Puxémonos mans á obra e despois dun duro traballo en equipo xa tiñamo-la máquina rematada. Era un reloxo xigante de madeira que tiña na parte inferior un complexo control de mandos

Despois de pulsar cinco botóns ó chou abriuse unha comporta, situada na esfera do reloxo, dela saiu un raio laser directo ó satélite "Santa Catalina", e desde aí reflectiuse a todo o mundo. Cando o laser se esgotou, e todo e todos volveran á normalidade Begoña e máis eu decidimos rompe-lo reloxo e xuramos non contarlle nunca a ninguén o sucedido.

Ana M^a Puga Giménez de Azcárate

Andrea Rodriguez Lalín



¡CHACHI!

- Vale. Ás tres estou preparada. Chao – e colguei o teléfono.
- ¿A onde ides? –preguntou miña nai.
- Imos á Riveira. Á praia.
- Leva un bocadillo e ten coidado de non queimarte.
- Que sí, mamá. Que sí.

Facía un domingo de sol que daba gusto. Despois de comer puxen o biquini e por riba os pantalóns e unha camiseta. Preparei a mochila e baixei á rúa. Recolléronme os meus tíos. Tamén viña Miguel, Sara, Miriam e Sandra, uns amigos.

Cando chegamos á Riveira ía aínda máis calor. Baixamos á praia. Oscar e Miguel levaban o equipo enteiro de body e non tardaron nada en poñelo e meterse na auga. Sobre todo porque as olas eran bastante boas.

Fun proba-la auga . Estaba boísima pero con tanto movemento non había quen nadara un pouco sen tragar un litro enteiro de auga.

Sara, Regie e máis eu fomos andando ata as dunas. Alí fórmase un lago no que se pode nadar tranquilamente. Era un camiño longo e fixemos moito exercicio durante os 37 minutos que nos levou chegar. Crucei o lago dun lado ó outro e cando cansei saín. E de volta viñemos correndo un pouco. Empezaba a baixa-lo sol e o mar cada vez estaba máis bonito. O camiño de regreso levounos uns minutos menos. ¡ Qué gusto sentín ó tirarme na toalla e descansar! Puxen os cascos do wolkman e deiteime panza arriba. Pero ó meu carón había uns rapaces que xogaban ó balon, senteime e adiqueime a mirar. Non era precisamente o equipo do Barça o que xogaba pero valíame para pasa-lo tempo.


Cando saíron Oscar e Miguel da auga xa non daba moito o sol. As nubes tapábano de vez en cando. Así que recollemos e baixamos á vila. Entramos nunha bocatería e comemos uns bocadillos de xamón asado boísimos. De repente Miguel baixou a cabeza ata case a altura das pernas e vimos unhas gotas de auga que pingaban do seu nariz e que caían seguidas ó chan.

-¡Qué asco! – dixo Miriam que pensou que eran outra cousa

Aclarámoslle que era soamente auga, pero non se vía moi convencida xa que non desaparecera a súa cara de noxo mentres miraba a Miguel.

Á volta quedei un pouco durmida e cando espertei estabamos nunha caravana de non sei cantos coches á altura da Pantalla. Mirei á miña dereita e contemplei unha impresionante posta de sol (a máis bonita que vira en bastante tempo). As nubes estaban vermellas por riba das montañas e reflexaban no mar que tamén se tornaba avermellado, e tamén vermella era a luz que daban os últimos raios de sol do domingo. O único malo deses momentos era a idea que me rondaba pola cabeza:

-Mañá, teño que voltar ás clases ¡puajjj!



Páxina poética


Viñeches en primavera

Viñeches en primavera coas calores,
viñeches e non eras esperado,
non te trouxo a chamada dos amores,
viñeches e non eras desexado.

Do meu lado non puiden apartarte,
cada mañá comigo espertabas.
Ós meus ollos medrabas e medrabas,
inútil maldicirte e mais odiarte.


Mais hoxe ante o espello, xa verán,
percorrinte, delicada, cos meus dedos
e apretando con forza, ¡fóra medos!
reventeite por completo, odioso gran.

Ángela Sousa (1º C)



“Cantando á Lúa”

Na noite teimosa,
os mareiros agarimosos
de cabelos dourados,
de pel de seda,
vestidos de prata.
cantando á Lúa,
unha estrela agochada,
escoita mentres recorda
cantigas de fadas
nas que a noite,
a espertaba,
e raios do sol a adormentaban
no seu leito de algodón de azucre
e sabas de auga de mar salgada



Sulaima Silva Montes (3ºB)

Spot the Difference

Compare the pictures. Write what is different in picture B.
For example: In picture B...

The woman's opening her umbrella. It's raining.



There are ten more differences between picture A and picture B.
Try to find them.


Find these 16 words in the wordsquare. There are 4
words in each direction → ↑ ← ↓

C	S	M	A	T	H	S	R
L	E	T	T	E	R	Y	O
O	A	Y	L	I	M	A	F
T	E	K	C	A	J	D	O
H	I	X	P	Q	J	I	O
E	T	E	U	L	B	L	D
S	C	H	O	O	L	O	U
N	E	W	S	E	O	H	S

CLOTHES
LETTER
TIE
JACKET
SCHOOL
SOUP
HOLIDAYS
FAMILY

FOOD
BLUE
SEA
MATHS
SHOES
US
FOR
NEW


XEROGLÍFICOS




¿Como soubeches que fora á cidade?

aanda
aenda
aonda
aunda

¿Remataches co meu coche?




¿Como está de cartos o Manolo?



¿Onde andaba ese avión?











CRUCIGRAMA



HORIZONTAIS: 1.- Conxunto de sons que resultan agradables ó oído. 2.- Poña á vista, deixe ver. Axente secreto. 3.- Sensación de molestia nunha parte do corpo. Froito da figueira. Nome de consoante. 4.- (Do rev.) Utilizárona, empregárona. Base, cimento, fundamento. 5.- (Do rev.) Comen á noite. (Do rev.) Rapaz que axuda na misa. Sentir dor. 6.- Forma un tecido. Fai uso de algo que ten entre mans. Respirar vehementemente por estar canso. 7.- Pólo contento. Pedise algo con insistencia. 8.- Ten por costume. (Do rev.) Capa que constitúe a superficie terrestre. (Do rev.) Dirixome cara a un lugar. 9.- (Do rev.) Escolitarse. Berrase o gato. 10.- Machos da cabra.






VERTICAIS: 1.- Marco de pedra grande chantado verticalmente. 2.- (Do rev.) Entendan o escrito. 3.- Desesperase. 4.- Mamíferos que voan. 5.- Vixésimo cuarta parte do día. (Do rev.) Admitir que algo é verdadeiro sen sabelo de certo. 6.- Artigo plural. Parte máis alta do rego. Dirixíase a algún sitio. 7.- Aquilo que sobra de algo, sobras, restos. 8.- Mil. Un. Fai nós. Consoante. 9.- Osíxeno. Obteña algo con traballo. Vocal. Consoante. 10.- Palavra de creación recente nunha lingua. 11.- (Do rev.) Afir-mación. Corpo que atrae metais. Prefixo negativo. 12.- (Do rev.) Tronco da videira. Que son dela. 13.- Non editados. 14.- Aparato que navega polo aire. 15.- Comes á noite. 16.- Nome de consoante.

CACHE-CACHE DANS LA MAISON



D	L	Z	D	A	S	E	E	N	M	O	N
S	I	D	A	R	M	O	I	R	E	A	A
E	T	D	D	F	E	R	F	U	D	I	O
O	M	F	A	U	T	E	U	I	L	A	F
C	A	R	L	E	M	E	N	A	D	T	L
C	A	N	A	P	E	M	C	L	G	A	A
T	T	F	N	L	I	L	H	G	T	B	M
N	A	A	O	E	H	U	A	E	R	L	P
F	B	T	E	L	E	S	I	R	O	E	A
F	L	E	R	L	D	T	S	S	F	E	R
J	E	A	G	R	T	R	E	L	L	B	A
T	A	T	E	L	E	E	I	S	O	R	N
S	U	T	E	L	E	V	I	S	I	O	N
T	E	L	E	P	H	O	N	E	D	R	O

MÉTIERS ET PROFESSIONS EN MOTS CROISÉS




Estes golpes foron no cravo

- O da colaboración entusiasta coa ONG "Entrepobos" na axuda ás vítimas do furacán Mitch.
- O da participación dos diversos sectores da comunidade educativa na elección dun nome para o noso I.E.S. e o do nome elixido.
- O da masiva colaboración de alumnas e alumnos de tódolos niveis na recollida selectiva de pilas eléctricas.
- O da corrección que a maioría do alumnado mantivo durante o concerto que a soprano Tatiana Sajarova acompañada pola pianista e profesora do I.E.S. Isabela Gil Llorens ofreceron na igrexa de Santiago Apóstol de Redondela. Nin o marco nin as concertistas merecían menos.
- O do traballo de numerosos equipos de alumnas e alumnos de 2º curso na localización de elementos da arquitectura popular na vila (cruceiros, petos de ánimas, canastros, pombais, fontes, etc...)
- O do esforzo de todos cantos colaboraron para facer que esta revista saíra á luz.

Estoutros na ferradura:

- O dos reiterados retrasos dalguns autobuses do transporte escolar durante o último trimestre. ¿Será do carburante?
- A obxección de conciencia que moitos alumnos manifestan non no ámbito do servizo militar, senón noutro, tamén obrigatorio, como é o educativo. Desde a implantación da ESO obsérvase, din algúns, un notable incremento do número de obxectores, entre o alumnado deste nivel.
- O da vidromanía, práctica que, como se sabe ten por obxecto non dar nin no cravo nin na ferradura, senón nese material fráxil e transparente que se coloca nas ventás do noso I.E.S.
- O do reiterado mal comportamento dalgúns poucos alumnos que entenden que, no instituto, canto peor, mellor. A memoria dos ordenadores de secretaría resulta escasa para o rexistro dos seus "méritos".
- A infrecuencia no uso dalgúns normas de cortesía: escoitar ó outro, non interromper, respectar a quenda, pedi-la palabra, falar sen eleba-lo tono de voz, dá-las grazas, pedir por favor as cousas, etc...



O CUCO DO MONTE

I.E.S. "Illa de San Simón"

Persoal docente

Bermello Puga, Florencio	E. Física
Bugallo Fuente, Ana María	Lingua e Literatura Castelá
Cacheda Lamas, José Lorenzo	C. Sociais
Campos Castro, Modesto	Relixión
Costas López, José Luis	Tecnoloxía
Darriba Ferradás, Juan Roberto	Director
Freire Vidal, Valentina	Música e Francés
Gamallo González, Sonia	Inglés
Gavieiro Gaviero, María Isabel	Francés
Gil González, Miguel Ángel	Inglés
Gil Llorens, Isabel	Música
Gómez Reza, Antonio	Matemáticas
González Gómez, José	Lingua Castelá (Secretario)
Iglesias Gómez, Beatriz	Apoio
Lorenzo Alonso, María Consuelo	Matemáticas e C. Naturais
Muiños Reboredo, Generoso José	E. Física
Pérez Collazo, Luis	Historia (Xefe de Estudos)
Platero Varela, José Alberto	Lingua e Literatura Galega
Rodríguez Arias, Alejandro	C. Naturais
Rodríguez Daponte, Miguel Ángel	Plástica e Visual
Santaclara Maneiro, María Eugenia	Lingua Castelá
Santomé Martínez, Begoña	Lingua e Literaturar Galega
Tomé Sanmartín, María José	Tecnoloxía e Plástica e Visual

Persoal non docente

García Gamallo, Luis	Subalterno
Lago Cabaleiro, Margarita	Limpadora
Rodríguez García, Beatriz	Aux. Administrativo

Desexámosvos unhas boas vacacións e
recorda: *"O mundo é dos que len"*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
I.E.S. " ILLA DE SAN SIMÓN "
REDONDELA (Pontevedra)

Avda. Mendiño nº 28 C.P. 36800 REDONDELA

Tlf: 986401277 / 986400800

Fax: 986401277

E-mail: IES Número 1-Redondela/ED/Xunta@ Xunta

